

CLÁUSULA DE SEGREDO PROFESIONAL PARA USUARIOS/AS DO FICHEIRO “XESTIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS”

A/o usuaria/o ó abeiro das súas funcións encamiñadas a asegurar a inclusión social activa de todos e todas, promovendo a participación no mercado laboral e loitando contra a pobreza, a discriminación e a exclusión entre persoas e colectivos máis marxinados accede a datos de carácter persoal. Neste tratamento de datos vai manexar datos que a normativa de protección de datos considera como sensibles e susceptibles de máxima protección en tanto que afectan ó dereito fundamental á protección de datos e o dereito á intimidade.

Polo anteriormente exposto e de acordo co disposto no artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de carácter persoal, de 13 de decembro de 1999, en adiante LOPD “*quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados/as ao secreto profesional respecto dos mesmos e ó deber de gardalos, obrigas que subsistirán aínda despois de rematar as súas relacións ca persoa titular do ficheiro ou, no seu caso, co/a responsable do mesmo.*”

A/o usuaria/o D., con DNI nº membro da entidade..... que trata datos de carácter persoal (enténdese por tratamento de datos “calquera operación ou procedemento técnico, sexa ou non automatizado, que permita a recollida, gravación, conservación, elaboración, modificación, consulta, utilización, modificación, cancelación, bloqueo ou supresión, así como as cesións de datos que resulten de comunicacións, consultas, interconexións e transferencias” – artigo 5.1 t) do RD 1720/2007 de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da LOPD) sométese as seguintes condicións:

- Calquera información, con independencia da súa natureza, en calquera forma ou soporte (verbal, escrita, gravada ou de calquera outro tipo), que sexa facilitada ou á que accedera será considerada como “Información Confidencial”, incluíndose nesta categoría aquela información que fose xerada a partir da Información Confidencial.
- A/o usuaria/o comprométese a non divulgar, non publicar directamente ou a través doutras persoas, nin a poñer a disposición de terceiras persoas, sen o previo consentimento por escrito da persoa responsable do ficheiro, a Información Confidencial á que teña acceso. Comprométese, tras a finalización de cada un dos traballos realizados en virtude do seu posto, a non conservar copia ningunha de calquera material, información ou documentación derivada destes, salvo que exista unha previsión legal que esixa a súa conservación
- A/o usuaria/o reconece que na lexislación sobre Protección de Datos de Carácter Persoal establécense unha serie de obrigas no tratamento de datos de carácter persoal, entre as que destaca a prohibición de realizar cesións de datos de carácter persoal sen a correspondente autorización da persoa titular dos datos persoais e a adopción de medidas de seguridade aplicables ó tratamento de datos en soporte papel o tamén ós datos contidos en soporte automatizado. Para tal efecto, a usuaria:
 - Unicamente accederá aos datos persoais da persoas solicitantes e demais persoas físicas relacionadas co mesmo se tal acceso fose necesario para cumprir coas súas obrigas establecidas e no ámbito da mellor xestión dos servizos de inclusión social.
 - Comprométese a observar e adoptar cantas medidas de seguridade, esixidas pola Consellería de Política Social, sexan necesarias para asegurar a confidencialidade, segredo e integridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso; así como a adoptar no futuro cantas medidas de seguridade sexan esixidas polas leis e regulamentos que garanten a seguridade e integridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda e tratamento ou acceso non autorizado. Ademais, comprométese a non deixar a súa disposición ou á de terceiras persoas, unha vez realizado o traballo, todos os soportes, copias e documentos que conteñan datos de carácter persoal, non podendo conservar no seu poder copia ningunha dos devanditos datos.

Asdo:.....

Data:.....